



Resolución sobre os programas para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal (código de procedemento VI422F) e de infravivenda do Plan RehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (código de procedemento VI406A).

Mediante a Resolución do 6 de febreiro de 2020, publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm, 38, do 26 de febreiro de 2020, convocáronse distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación xestionadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) para o ano 2020 (códigos de procedemento VI422E, VI408H, VI422F, VI406A e VI426C).

No ordinal décimo quinto desta resolución regúlase a convocatoria das subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, para o exercicio 2020, con carácter plurianual (código de procedemento VI422F)

No punto cinco deste ordinal décimo quinto sinálase que o prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da citada resolución no DOG e rematará no momento de esgotamento do crédito orzamentario, que será publicado no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS e, en todo caso, o día 30 de abril de 2020.

O ordinal décimo sexto da Resolución do 6 de febreiro de 2020 regula a convocatoria de subvencións para o Programa de infravivenda do Plan RehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (código de procedemento VI406A).

O punto cinco deste ordinal establece que o prazo para presentar as solicitudes desta convocatoria comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no





DOG e terminará co esgotamento da partida orzamentaria contida nesta convocatoria – que será publicado no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS– e, en todo caso, o día 30 de abril de 2020.

No apartado 1 da Disposición adicional terceira, “suspensión de prazos administrativos”, do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (*Boletín Oficial del Estado* núm. 67, do 14 de marzo) establece que se suspenden os termos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o citado Real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. Así mesmo, no seu apartado 3 establécese que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manfeste a súa conformidade. Este Real decreto entrou en vigor no momento da súa publicación no BOE.

Durante o período comprendido entre o 14 de marzo e ata o día de hoxe, estando vixente o estado de alarma, mantense na sede electrónica a posibilidade de seguir presentando solicitudes.

Para evitar agravios comparativos respecto das persoas que presentaron solicitudes durante ese período debe manterse a posibilidade, en sede electrónica, de seguir presentando solicitudes ata o día 30 de abril, e mentras se manteña o estado de alarma. Unha vez perda a súa vixencia, se reanudarás o prazo oficial de presentación de solicitudes polos 48 días naturais que faltan para completar o prazo inicial para a presentación das solicitudes.





Polo exposto, Resolvo:

1. Que se manteña a posibilidade de seguir presentando solicitudes dos procedementos VI406A e VI422F a través da sede electrónica, como esta sucedendo desde o 14 de marzo ata o día 30 de abril e, en tanto, estea vixente a declaración do estado de alarma. Unha vez perda a súa vixencia, se reanudarás o prazo oficial de presentación de solicitudes polos 48 días naturais que faltan para completar o prazo inicial para a presentación das solicitudes.
2. As solicitudes presentadas durante este período de vixencia do estado de alarma computaranse, para os efectos da súa resolución, como presentadas o primeiro día hábil de reanudación dos prazos, unha vez perda vixencia o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, ou as súas prórrogas.

O director xeral do IGVS

Heriberto García Porto.

(documento asinado electronicamente)

